

Os socialistas de Vilalba instarán á Xunta no Pleno a manter os servizos de consulta dos dous cupos de tarde e de Fisioterapia do centro de saúde

No primeiro caso, propoñen a substitución da praza de médico ausente por un mesmo profesional de forma continuada para garantir a calidade de asistencia aos doentes. No segundo, que o servizo se desenvolva en quendas de mañá e tarde, de luns a venres, e en horario completo para non alargar a listaxe de espera e para que os tratamentos sexan realmente efectivos e eficaces

Diante a polémica xurdida en torno á piscina municipal, pedirán ao alcalde que dea explicacións da evolución dos acontecementos que levaron á situación actual, así como das medidas do Goberno municipal para a resolución do conflito

A eliminación de gastos prescindibles, a xestión da carpa do FIV 2014, a colocación dun cartel publicitario no polígono industrial e a contratación da elaboración da RPT; outros asuntos que o grupo do PSOE someterá a debate no Pleno deste xoves

VILALBA, 26 DE NOVIEMBRE DE 2014.- Os socialistas de Vilalba instarán este xoves á Xunta de Galicia, no Pleno que celebrará a Corporación, a manter a prestación de distintos servizos do centro de saúde, co fin de presentar unha atención e unha calidade asistencial aos cidadáns efectiva e eficaz. Trátase, en primeiro lugar, da consulta dos dous cupos en horario de tarde. Para iso, propoñen a substitución do médico ausente por un mesmo profesional de forma continuada para garantir a calidade de asistencia aos doentes. E, en segundo lugar, do servizo de Fisioterapia. Neste último caso, plantexan que se desenvolva en quendas de mañá e tarde, de luns a venres, e en horario completo para non alargar a listaxe de espera e para que os tratamentos prescritos obteñan os obxectivos pretendidos.

O grupo municipal do PSOE acordou levar este asunto ao Pleno porque no ambulatorio hai máis de dous anos que se repite, por causas totalmente xustificadas, a ausencia por longos períodos de tempo da médico titular dun dos cupos da tarde. O problema xurde no momento en que se detecta que esta baixa non foi substituída por outro profesional de forma continuada, o que provoca que os seus doentes teñan que ser atendidos polo outro facultativo que presta o seu servizo nesta quenda ou polo médico de garda do PAC ou, se coincide en martes ou xoves, por un facultativo contratado só para un día. Esta situación, aseguran os socialistas, “vai claramente en detrimento da calidade da asistencia recibida, en especial polos enfermos con patoloxías crónicas ou pluripatoloxía, a pesares do esforzo de todos os profesionais implicados”. Por este motivo, consideran que se trata dunha medida “xusta” que o Goberno galego “subsane esta situación a través da xestión integrada de Lugo, pois do contrario, o que conseguirá será desmantelar totalmente o noso centro de saúde”.

Polo que respecta á área de Fisioterapia, este tamén leva longo tempo coa ausencia dun dos fisioterapeutas que prestaba o seu servizo en horario de mañá, e en días alternos (luns, mércores e venres). Recentemente, estableceuse o servizo diario, pero en horario reducido, de 9:00 a 13:00 horas co conseguinte retraso no avance da listaxe de espera e na menor calidade na prestación deste servizo.

Piscina municipal

Asimesmo, e ante a polémica xurdida en torno á piscina municipal, os socialistas pedirán ao alcalde que dea explicacións da evolución dos acontecementos que levaron á situación actual, así como das medidas do Goberno municipal para a resolución do conflito, xa que “é sabido que as circunstancias chegaron a un punto de difícil retorno e tamén que o Sr. Criado segue sen dar ningunha información ao respecto. Por tanto, sendo de máxima preocupación a situación creada, cremos que os cidadáns teñen dereito a coñecer dos seus directos responsables políticos, as oportunas explicacións”, afirman.

Outros asuntos

Noutra orde de cousas, os edís do PSOE, e dado que “son moitos os gastos aos que ten que facer fronte o concello; algúns deles a todas luces prescindibles”, pedirán a cancelación da póliza de seguro de vida e accidentes que a entidade local ten contratada coa compañía CASER por valor de máis de 3.4000 euros, e da que resultan beneficiarios os concelleiros. Asimesmo, e dado que na Xunta de Goberno, celebrada o 30 de outubro, se aproba o custo do servizo de carpa para o FIV 2014, solicitarán que se explique se houbo máis ofertas, cales e se estas eran menos vantaxosas que a adxudicataria.

Por outra banda, o descoñecemento do destino inicial que tivo a madeira talada na contorna do colexio Insua Bermúdez, e da tramitación para a instalación do cartel publicitario “Parrillada A Revolta” nun terreo de titularidade municipal, situado no polígono industrial, así como “o escurantismo” da contratación da elaboración da Relación de Postos de Traballo (RPT), completan os outros asuntos que os socialistas someterán a debate no Pleno deste xoves.